

Proxecto REDE DE ESPAZOS AMIGOS DA LACTACIÓN MATERNA

Tras a proposta da Asociación De Nai a Nai ao Concello de O Barco para a súa declaración como “Cidade Amiga da Lactación Materna”, cremos necesario poñer en marcha o proxecto “Rede de Amigos da Lactación Materna no Barco”, co obxectivo de forxar vínculos entre entidades públicas, empresas, asociacións e veciñanza interesada, para visibilizar a lactación materna nos espazos públicos e fomentar esta práctica, xerando ambientes máis amigables coas nais lactantes porque as crianzas teñen dereito a ser amamentadas cando sexa necesario. É algo instintivo nos bebés, pero para as nais é algo que se aprende, precisan ver a outras mulleres aleitar e facelo con naturalidade.

Para a súa posta en marcha atenderemos as seguintes indicacións:

- ✓ Un responsable de “De Nai a Nai”, que coordinará en todo momento a actuación no municipio.
- ✓ Participarán e implicaranse na acción o Concello do Barco, e a Asociación Veciñal/Empresarial correspondente.
- ✓ Os espazos que queiran colaborar deberán cubrir un formulario de adhesión ao proxecto onde faciliten os seus datos e polo que se comprometan a cumprir as bases do proxecto.
- ✓ Elaborarase unha relación de espazos adheridos e publicarase na páxina web da Asociación De Nai a Nai <https://denaianai.com/>
- ✓ Contacto: Lorena Prada Fernández denaianai@gmail.com



DOCUMENTO DE ADHESIÓN REDE DE ESPAZOS AMIGOS Á LACTANCIA MATERIA:

Datos que se farán públicos desde a nosa web:

<https://denaianai.com/>

NOME COMERCIAL.....

Tipo de actividade.....

Enderezo do local, establecemento ou negocio que participa na rede:

.....

Páxina web

.....

Datos que manteremos confidenciais e que non serán publicados:

Persoa de contacto.....

Teléfono.....

Correo.....

NORMAS DE PARTICIPACIÓN

A entidade ou empresa, en diante “a entidade colaboradora”, manifesta que está de acordo coas bases do proxecto Rede de Espazos Amigables para a Lactación Materna, que se recollen a continuación:

- I. A entidade colaboradora comprométese a acoller ás nais lactantes que desexen acceder ao seu local ou negocio e facilitar unha cadeira cómoda nun lugar que facilite a visibilidade e normalización da lactación materna, se a nai así o desexa.
- II. A entidade colaboradora tratará de xeito respetuoso a muller lactante, e non emitirá ningún xuicio de valor ou consello en contra do aleitamento materno.

- III. A entidade colaboradora comprométese a ofrecer este servizo de xeito gratuíto para as nais, sen obriga de compra nin consumo.
- IV. A entidade colaboradora comprométese a colocar e manter o adhesivo distintivo do proxecto Rede de Espazos Amigos da Lactación Materna que a Asociación De Nai a Nai en colaboración co Concello do Barco de Valdeorras cederá de xeito gratuito, nun lugar do seu establecemento visible desde o exterior.
- V. A entidade colaboradora remitirá á Asociación De Nai a Nai unha imaxe do local, se é posible do exterior, que a Asociación utilizará para o mapa web de espazos favorables á lactación materna.
- VI. No caso de producirse algunha modificación dos datos, a entidade colaboradora deberá comunicalo para manter a súa información actualizada.
- VII. A asociación De Nai a Nai / Concello de O Barco comprométese a subministrar o material relacionado co proxecto e facer o seu seguimento. A coordinadora da asociación é Lorena Prada Fernández
- VIII. A asociación De Nai a Nai comprométese á promoción da entidade colaboradora nas redes sociais e actos de presentación e medios de comunicación que publiciten o proxecto.

No caso de incumprir estes compromisos, a entidade colaboradora deixará de ter a consideración de espazo favorable á lactación materna, polo que deberá retirar o adhesivo do establecemento e a Asociación De Nai a Nai deberá retirar a información da súa páxina web.

O Barco de Valdeorras, odede 2024

Pola Asociación De Nai a Nai

Pola entidade



Marque a caixa. A entidade colaboradora autoriza o uso dos seus datos persoais para fins de comunicación interna da Rede de Espazos Amigos da Lactación Materna.

O responsable e encargado do tratamento destes datos é a Asociación De Nai a Nai (G32439184, C/ Conde de Fenosa, nº28 – 6ª E, O Barco de Valdeorras). A entidade colaboradora poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, limitación e portabilidade, dirixíndose a denaianai@gmail.com

Adhesivo para establecimientos

